

*Resolución do 19 de maio de 2005 pola que se convocan probas selectivas para cubrir 27 prazas de oficiais de servizo, grupo IV.1, 13 prazas pola quenda de promoción interna e 14 prazas pola quenda de acceso libre, vacantes no cadro de persoal desta universidade.*

O reitor, no uso das atribucións conferidas polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como nos estatutos desta universidade, resolve convocar probas selectivas para cubrir 27 prazas de oficiais de servizo do grupo IV.1 vacantes no seu cadro de persoal laboral, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

#### 1. Normas xerais.

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir con persoal laboral fixo 27 prazas de oficiais de servizo do grupo IV.1, do convenio colectivo para o persoal laboral da USC (DOG do 29 de abril de 2002) pola quenda de promoción interna e pola quenda de acceso libre.

1.2. Do total de prazas convocadas reservarase un 5% para seren cubertas por persoas con discapacidade cuxo grao de minusvalidez sexa igual ou superior ao 33%, de acordo co disposto na disposición adicional décimo novena da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública. Esta cota de reserva ascende a 2 prazas no sistema de acceso xeral e 2 prazas no sistema de promoción interna. Se as prazas reservadas no sistema de acceso xeral son cubertas por persoas con discapacidade pero non alcanzaran a taxa do 3% das prazas convocadas, as prazas non cubertas acumularanse á cota do 5% da oferta seguinte, cun límite máximo do dez por cento.

As prazas reservadas para persoas con discapacidade polo sistema de promoción interna que queden desertas, acumularanse as da quenda ordinaria de promoción interna.

1.3. As prazas convocadas terán o seu destino nas localidades de Santiago de Compostela e Lugo.

1.4. Os procesos de selección de promoción interna e libre realizaranse separadamente, e será en primeiro lugar o de promoción interna. De non cubrirse as vacantes por promoción interna, acumularanse as de acceso libre.

1.5. Os seleccionados pola quenda de promoción interna terán preferencia sobre os da quenda libre para a elección de praza.

1.6. Os aspirantes só poderán participar nunha das dúas quendas de acceso.

1.7. O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso-posición. No que se refire ás probas e valoracións axustaranse ao que se especifica no anexo I desta convocatoria.

1.8. A adxudicación das prazas aos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación total obtida sumando ambas as dúas fases.

1.9. O programa que rexerá na fase de oposición especificase no anexo II.

1.10. Estas probas selectivas axustaranse ao disposto no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, ao Decreto 95/1991, do 20 de marzo, aos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, da Xunta de Galicia, ao convenio colectivo do persoal laboral da USC (DOG do 29 de abril de 2002), a Lei 17/1993, do 23 de decembro (BOE do 24 de decembro) sobre acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, a Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (BOE do 12 de xaneiro), modificada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro (BOE do 23 de decembro) e as bases desta convocatoria.

#### 2. Requisitos dos aspirantes.

2.1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán posuír no día de remate do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento de formalización do contrato, os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e ún anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Quen non sendo español nin nacional dun Estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que o habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

b) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación.

c) Estar en posesión do título de graduado escolar; FPI ou equivalente ou certificado de profesionalidade. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír a credencial que acredita a súa homologación.

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.

e) Non ter sido separado do servizo de calquera das administracións públicas en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio da función pública.

f) Aboar as taxas por dereitos de exame, agás o previsto no punto 3.4.2 desta convocatoria para os discapacitados, membros de familias numerosas e para demandantes de emprego.

2.2. Os aspirantes que concorran ás probas pola quenda de promoción interna deberán reunir, ademais, os seguintes requisitos:

a) Ter a condición de persoal laboral fixo da USC.

b) Estar prestando servizos con carácter definitivo ou en adscrición provisional.

c) Pertencer a distinta categoría que a das prazas ofertadas nesta convocatoria.

d) Ter unha antigüidade efectiva de polo menos seis meses como persoal laboral fixo na categoría á que pertencen o último día do prazo de presentación de solicitudes.

e) Non estar sancionado coa suspensión do dereito a concorrer a probas selectivas, segundo o artigo 63 do convenio colectivo para persoal laboral da USC.

f) Poderán quedar exentos do requisito da titulación exixido para quenda libre, agás que na relación de postos de traballo figure unha titulación específica.

### 3. Solicitudes.

3.1. Quen desexe participar nestas probas selectivas deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia segundo o modelo que figura como anexo IV a esta convocatoria, no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Os aspirantes deberán facer constar na súa solicitude a quenda pola que se inscriben, libre ou promoción interna, segundo corresponda.

A instancia presentarase acompañada da seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar.

-Dúas fotocopias do documento que acredite a súa nacionalidade e, se é o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de viviren a expensas ou estaren a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo.

-Declaración ou promesa deste de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

-De conformidade co disposto na base 6.5 da convocatoria, os aspirantes que estean exentos da realización da proba previa de acreditación do coñe-

cemento do castelán, xuntarán para tal efecto fotocopia compulsada dos diplomas de español, nivel intermedio ou nivel superior ou do certificado de aptitude en español para estranxeiros expedido polas escolas oficiais de idiomas. De non achegar esta certificación, non poderán ser declarados exentos, polo que deberán realizar a proba a que se refire a base 6.5.

Os diplomas establecidos no artigo 2 do Real decreto 826/1988, do 20 de xullo, polo que se establecían diplomas acreditativos do coñecemento de español como lingua estranxeira, na redacción dada polo Real decreto 1/1992, do 10 de xaneiro, serán equivalentes, para todos os efectos aos diplomas previstos no artigo 1.1º do Real decreto 1137/2002, nos seguintes termos:

a) O diploma básico de español como lingua estranxeira será equivalente ao diploma de español (nivel intermedio).

b) O diploma superior de español como lingua estranxeira será equivalente ao diploma de español (nivel superior).

Os aspirantes con discapacidade que teñan recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento, e opten pola quenda de reserva para persoas con discapacidade deberán marcar os recadros correspondentes da solicitude, e acreditarlo mediante certificado expedido para o efecto polos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, se é o caso, da comunidade autónoma competente.

3.2. Os documentos xustificativos dos méritos que se valoran na fase de concurso, serán achegados no prazo improrrogable de 10 días contados a partir do seguinte ao da publicación das cualificacións do último exercicio da fase específica, polos aspirantes que o superasen do seguinte xeito:

3.2.1. Certificación acreditativa dos servizos prestados, na que conste a categoría e os períodos nos que se prestaron, expedida pola unidade de persoal da Administración pública correspondente. Se os servizos foron ou son realizados na Universidade de Santiago de Compostela deberá indicarse no punto correspondente da solicitude.

3.2.2. Fotocopia dos diplomas dos cursos de formación e cualificación profesional.

3.2.3. A certificación acreditativa dos extremos indicados nos anteriores puntos 3.2.1 e 3.2.2 (certificaranse os cursos que consten no expediente) expedirase de oficio para os aspirantes que presten ou prestasen servizos na USC e engadirase á solicitude do aspirante.

3.2.4. Os méritos da fase de concurso valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

3.2.5. En calquera momento a universidade poderá requirir dos aspirantes os orixinais ou copias debidamente compulsadas dos documentos que se correspondan coas simples presentadas.

3.3. A presentación de solicitudes e da documentación indicada nos puntos anteriores farase no rexistro xeral da universidade, situado na Reitoría da USC (Colexio de San Xerome, praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela), no rexistro do Campus de Lugo, situado no Edificio de Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros (avenida Bernardino Pardo Ouro, polígono de Fingoi, 27002 Lugo) ou nas restantes formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

As solicitudes subscritas no estranxeiro poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

3.4. Os dereitos de exame serán de 22,89 €, que se ingresarán na conta de *Caixa Galicia* oposicións número 2091-0388-90-3110000646. Para realizar o ingreso deberá utilizarse por triplicado o modelo de solicitude que figura como anexo IV.

En ningún caso a presentación e pagamento na entidade bancaria suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude.

3.4.1. Serán excluídos todos aqueles aspirantes que non aboan os dereitos de exame dentro do prazo habilitado para a presentación de instancias, non concedéndose prazo ningún adicional para o aboamento destas.

3.4.2. Estarán exentos do pagamento da taxa por dereitos de exame aqueles que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%. Tamén estarán exentos do pagamento as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. Así mesmo, gozarán dunha bonificación do 50% da taxa os membros de familias numerosas de categoría xeral. Estas circunstancias deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia orixinal ou compulsada da cualificación da minusvalidez ou do carné de familia numerosa segundo corresponda.

Tamén estarán exentas as persoas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, dun mes anterior á data da convocatoria. Para o goce da exención será requisito que non rexeitaran, no prazo de que se trate, oferta de emprego adecuado nin se negaran a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesional e que, así mesmo carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional.

A certificación relativa á condición de demandante de emprego, cos requisitos sinalados, solicitarase na oficina dos servizos públicos de emprego. A acreditación das rendas realizarase mediante unha declaración xurada ou promesa escrita do solicitante. Ambos os dous documentos deberán acompañar a solicitude.

3.4.3. Unicamente procederá a devolución dos dereitos de exame aos aspirantes que sexan excluídos por causas non imputables aos aspirantes. Para tal

efecto o reintegro realizarase de oficio, para o que terán que facer constar a entidade bancaria e o número de conta no recadro que figura na solicitude. De non figuraren estes datos, entenderase que renuncian á devolución dos dereitos de exame.

3.5. Co fin de garantir a participación en condicións de igualdade, aquelas persoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% indicarán na súa solicitude as necesidades de adaptacións específicas e o seu motivo.

#### 4. Admisión de aspirantes.

4.1. Rematado o prazo de admisión de solicitudes o reitor da USC ditará resolución, no prazo dun mes, pola que se aproba a listaxe provisional de admitidos e excluídos, en que consten as causas da exclusión e o prazo para reparalas. Esta resolución publicarase nos taboleiros de anuncios da reitoría, na Casa da Balconada, no edificio de Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo e na web <http://www.ti.usc.es/webpas>.

4.2. Para reparar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión das devanditas relacións, os aspirantes disporán dun prazo de dez días contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución. Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non reparasen a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

4.3. A resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará nos lugares indicados no punto 4.1, esgotará a vía administrativa podendo interpoñer contra ela recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou recurso potestativo de reposición diante do reitor no prazo dun mes, de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### 5. Tribunal.

5.1. O tribunal cualificador destas probas terá a categoría terceira das recollidas no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo (BOE do 30 de maio), e con base na excepcionalidade prevista no artigo 11 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, o seu nomeamento efectuarase por resolución do reitor da USC que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir notificándollo ao reitor da universidade, can-

do concorran neles as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración escrita expresa de non estar incurso nas circunstancias previstas no dito artigo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias antes citadas.

5.3. Con anterioridade á iniciación das probas selectivas, a autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* resolución pola que se nomean os novos membros do tribunal que vaian substituír os que teñan perda a súa condición por algunha das causas previstas na base 5.2.

5.4. Logo da convocatoria do presidente, constituirase o tribunal, coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes. Na dita sesión, o tribunal acordará todas as decisións que lle correspondan de acordo co correcto desenvolvemento das probas selectivas.

5.5. A partir da súa constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes.

5.6. Dentro da fase de oposición o tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

5.7. O órgano convocante, por proposta do tribunal, poderá acordar a incorporación de asesores especialistas, que colaborarán exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas. O nomeamento dos asesores farase público, e seranlles de aplicación as causas de abstención e recusación, ao igual que aos restantes membros do tribunal.

5.8. O tribunal adoptará as medidas precisas para que os aspirantes aos que se refire o punto 3.5 participen en condicións de igualdade. Para tal efecto, o órgano de selección poderá requirir un informe e, se é o caso, a colaboración dos órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou de órganos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Para os efectos de valorar a procedencia da concesión das adaptacións solicitadas, solicitarase do candidato o correspondente certificado ou información adicional. A adaptación non se outorgará de forma automática, senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba que se vaia realizar.

5.9. O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios escritos sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes. O tribunal excluírá aqueles opositores que consignent o seu nome nas follas de exame, trazos, marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

5.10. En ningún caso o tribunal poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes que o das prazas convocadas. Cal-

quera proposta de aprobados que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

5.11. Para os efectos de comunicación e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede na Reitoría da USC.

5.12. Elaboraranse listaxes de espera tanto para promoción interna como para acceso libre, cos aspirantes propostos polo tribunal que non superasen o proceso selectivo e se consideren válidos para desenvolver as funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.

## 6. Desenvolvemento dos exercicios.

6.1. A orde de actuación dos opositores iniciarase alfabeticamente polo primeiro da letra W, de conformidade co establecido na Resolución do 26 de xaneiro de 2005, da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

6.2. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal para que acrediten a súa identidade.

6.3. As probas selectivas terán idéntico contido para todos os aspirantes, independentemente da quenda pola que se opte, sen prexuízo das adaptacións previstas no punto 5.8 desta convocatoria.

Durante o procedemento selectivo darase un tratamento diferenciado á quenda ordinaria e á quenda reservada para persoas con discapacidade, no que se refire ás relacións de admitidos, aos chamamentos aos exercicios e a relación de aprobados. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento quedando decaídos do seu dereito os que non comparezan, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificados e libremente considerados polo tribunal.

6.4. O día, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio faranse públicos na resolución que aprobe a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

A publicación dos sucesivos anuncios de celebración dos demais exercicios efectuarase nos locais onde se fixera o primeiro deles así como na reitoría da universidade, ou por calquera outro medio que se estime conveniente para asegurar a súa máxima divulgación, cunha antelación de polo menos vinte e catro horas á sinalada para a súa iniciación.

## 6.5. Aspirantes de nacionalidade estranxeira.

Con carácter previo á realización dos exercicios da fase de oposición, os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán acreditar o coñecemento do castelán mediante a realización dunha proba, na que se comprobará que posúen un nivel axeitado de comprensión e expresión oral e escrita nesta lingua.

O contido desta proba axustarase ao disposto no artigo 3 do Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro (BOE do 8 de novembro), para acreditar o nivel de competencia lingüística do diploma de español correspondente ao nivel intermedio. A proba cualificarase de apto ou non apto; sendo necesario obter a valoración de apto para pasar a realizar os exercicios da fase de oposición. Quedan eximidos de

realizar esta proba os aspirantes que acrediten mediante fotocopia compulsada estaren en posesión do diploma de español como lingua estranxeira (nivel intermedio ou equivalente, nivel superior), certificado de aptitude en español para estranxeiros expedido polas escolas oficiais de idiomas ou certificación académica que acredite teren superadas todas as probas dirixidas á obtención dos mencionados diplomas, e os estranxeiros nacionais de países cuxo idioma oficial sexa o español. De non achegaren esta documentación, non poderán ser declarados exentos, debendo, en consecuencia, realizar a proba descrita no parágrafo anterior.

6.6. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento de que algún dos aspirantes carece dos requisitos exixidos por esta convocatoria, logo de audiencia ao interesado, deberá propoñer a súa exclusión ao reitor da Universidade de Santiago de Compostela, comunicándolle tamén as inexactitudes e falsidades formuladas polo aspirante na súa solicitude para os efectos procedentes.

## 7. Lista de aprobados.

7.1. Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal cualificador fará pública a relación dos aspirantes seleccionados en cada un deles, con indicación da puntuación obtida.

7.2. A listaxe coa valoración de méritos da fase de concurso farase pública unha vez celebrado o derradeiro exercicio da fase de oposición.

7.3. A cualificación final do concurso-oposición virá determinada pola suma aritmética das puntuacións correspondentes á fase de oposición mais a obtida na fase de concurso de méritos, na forma establecida no anexo I. En caso de empate, daráselle preferencia á maior puntuación obtida na fase de oposición. De persistir o empate dirimirase a prol do candidato que obtivese a maior puntuación na fase de coñecementos específicos.

7.4. No suposto de que algún dos aspirantes con discapacidade que se presentara pola quenda de reserva de persoas con discapacidade superase os exercicios correspondentes, pero non obtivera praza e a súa puntuación fora superior a obtida por outros aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

7.5. O tribunal fará pública, para cada quenda de acceso, a listaxe dos aspirantes que, segundo a orde da puntuación total acadada por cada un deles, fosen seleccionados, e que en ningún caso poderán conter un número de candidatos superior ao das prazas convocadas. A dita relación, que será elevada polo tribunal ao reitor da universidade xunto coa proposta de contratación a favor dos aspirantes que figuren nela, será publicada no taboleiro de anuncios da reitoría.

## 8. Presentación de documentos.

8.1. No prazo de 20 días naturais a partir do seguinte a aquel no que se fixesen públicas as relacións definitivas de aprobados na reitoría da universidade, os aspirantes que figuren nelas deberán presentar

no Servizo de Planificación e Programación de PAS (Casa da Balconada, Rúa Nova, 6, Santiago de Compostela) a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou do documento que acredite a súa nacionalidade.

b) Documento que acredite, de ser o caso, a residencia legal en España.

c) Fotocopia compulsada do título exixido.

d) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública e de non acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, nin realizar actividade ou actividades suxeitas a incompatibilidades. Os aspirantes de nacionalidade non española deberán acreditar que non están sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

e) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

f) Os aspirantes con minusvalidez con grao de discapacidade igual ou superior ao 33% deberán acreditar tal condición, mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e, se é o caso, da Administración correspondente.

8.2. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados na base anterior, poderá acreditarse que se reúnen as condicións exixidas na convocatoria mediante calquera medio de proba admitido en dereito.

8.3. Quen dentro do prazo fixado, e salvo o caso de forza maior, non presentase a documentación ou do seu exame se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 2, non poderá ser contratado como persoal laboral fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude inicial.

8.4. Unha vez presentada a documentación sinalada no punto 8.1, e logo da oferta de destinos, os aspirantes formalizarán o correspondente contrato como persoal laboral fixo.

8.5. O período de proba será de dous meses, durante os que o traballador terá os dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que desempeñe, agás os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso. Este período de proba non será aplicable aos aspirantes que con anterioridade estiveran desenvolvendo funcións similares na USC.

## 9. Adxudicación de postos de traballo.

9.1. Os aspirantes deberán solicitar por orde de preferencia as prazas vacantes que previamente se lle oferten.

9.2. Os aspirantes que superaran o proceso selectivo pola cota de prazas reservadas para persoas con discapacidade, poderán solicitar ao órgano convo-

cante a alteración da orde de prelación para a elección de prazas dentro do ámbito territorial que determina a convocatoria, por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outros análogos, que deberán ser debidamente acreditados. O reitor resolverá a devandita alteración cando se atope debidamente xustificada.

9.3. Nas solicitudes de adxudicación de destino, o persoal con discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, poderá pedir a adaptación dos postos de traballo correspondentes. A solicitude deberá ir acompañada de un informe expedido polo órgano competente na materia, que acredite a procedencia da adaptación e a compatibilidade co desempeño das funcións que teñan atribuídos os postos solicitados.

#### 10. Norma derradeira.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 10.1º a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2005.

P.D. (Orde 10-5-2005)  
Cástor Méndez Paz  
Vicerreitor de Organización Académica  
e Profesorado

#### ANEXO I

Denominación das prazas: oficial de servizos

Procedemento de selección

O sistema de selección será o de concurso-oposición e constará das seguintes fases:

1ª fase: coñecementos específicos, de carácter eliminatório, para quendas de promoción interna e acceso libre. Constará de dous exercicios.

Primeiro exercicio: consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 90 preguntas tipo test con 3 respostas alternativas das que só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes á fase de coñecementos específicos que figura no programa.

O tempo para a realización deste exercicio será de 90 minutos.

Este exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo do 60% do total das respostas correctas.

Segundo exercicio: proba práctica consistente en resolver un suposto relacionado coa materia da fase de coñecementos específicos.

O tempo para a realización deste exercicio será de 90 minutos.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 30 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 15 puntos.

2ª fase: coñecementos non específicos.

Quenda de promoción interna.

Proba de lingua: de carácter obrigatorio e non eliminatória. Consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto do castelán para o galego e do galego para o castelán, elixido por sorteo entre tres propostos polo tribunal.

O tempo de realización deste exercicio será de 60 minutos, e valorarase de 0 a 5 puntos.

Quenda de acceso libre.

Terá carácter obrigatorio e non eliminatório, constará de dúas partes.

Primeira parte. Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 30 preguntas tipo test, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes á parte de coñecementos non específicos do programa.

O tempo para a súa realización será de 40 minutos e a súa valoración de 0 a 5 puntos.

Segunda parte. Proba de lingua: de carácter obrigatorio e non eliminatória. Consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto do castelán para o galego e do galego para o castelán, elixido por sorteo entre tres propostos polo tribunal.

O tempo de realización desta parte será de 60 minutos, e valorarase de 0 a 5 puntos.

Antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobados os criterios de avaliación e corrección e publicaraos antes da realización do exercicio. Cando as probas a realizar sexan tipo test, tanto para quenda de promoción interna como de acceso libre, en ningún caso as respostas incorrectas puntuarán negativamente.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio co DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente lapis do nº 2 e goma de borrar para a realización dos exercicios tipo test.

3ª fase: concurso.

Quenda de promoción interna: máximo 35 puntos.

a) Experiencia na mesma categoría ou categoría equivalente nas administracións públicas, valorarase ata un máximo de 20 puntos, a razón de 0,40 puntos/mes. Para eses efectos consideraranse equivalentes as seguintes categorías: auxiliar técnico informático, oficial de servizos, auxiliar de servizo, conserxe, especialista de unidades deportivas, mozos

de servizo (área de deportes), almaceneiro, intendente da imprenta e encargado de correos. Non se valorará o tempo traballado en categoría superior por atribución temporal de funcións.

b) Experiencia noutra categoría nas administracións públicas: valorarase ata un máximo de 10 puntos, 0,08 puntos/mes.

c) Formación: valoraranse cursos de formación e perfeccionamento dispensados por centros e organismos oficiais ou debidamente homologados e que estean directamente relacionados co contido da praza, ata un máximo de 5 puntos, do seguinte xeito.

\* Cursos de formación recibidos.

-Cursos de aptitude: 0,02 puntos/hora de duración do curso.

-Cursos de asistencia: 0,01 puntos/hora de duración do curso.

\* Cursos de formación impartidos: 0,03 puntos/hora.

\* Cursos de formación de lingua galega recibidos.

-Curso de iniciación da lingua galega: 0,01 puntos/hora.

-Curso de perfeccionamento lingua galega: 0,02 puntos/hora.

-Curso de linguaxe administrativa básica: 0,02 puntos/hora.

-Curso de linguaxe administrativa media: 0,025 puntos/hora.

-Curso de linguaxe administrativa superior: 0,03 puntos/hora.

\* Cursos de formación de lingua galega impartidos: 0,03 puntos/hora.

No caso de posuír os cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega, só puntuará o de perfeccionamento. No caso de teren feitos varios niveis do cursos de linguaxe administrativa só se valorará o de maior nivel.

Nos cursos nos que non figure o número de horas, a puntuación será feita polo mínimo de 10 horas.

Quenda de acceso libre: máximo 30 puntos.

Puntuación máxima da experiencia: 25 puntos.

a) Experiencia na mesma categoría ou categoría equivalente na USC valorarase a razón de 0,40 puntos/mes. Para eses efectos consideraranse equivalentes as seguintes categorías: auxiliar técnico informático, oficial de servizos, auxiliar de servizo, conserxe, especialista de unidades deportivas, mozos de servizo (área de deportes), almaceneiro, intendente da imprenta e encargado de correos.

b) Experiencia na mesma categoría ou categoría equivalente noutras administracións públicas: valorarase a 0,10 puntos/mes.

c) Experiencia noutras categorías da USC: valorarase a 0,10 puntos/mes.

d) Formación: valorarase igual que para a promoción interna, ata un máximo de 5 puntos.

Para a valoración da experiencia acreditada en categorías equivalentes noutras administracións públicas prevista na fase de concurso, as dúbidas que xurdan serán resoltas por unha comisión composta por dous representantes da xerencia e dous en representación dos comités de empresa, 1 do Campus de Compostela e 1 do Campus de Lugo. Esta comisión intervirá por petición do tribunal e poderá solicitar información complementaria aos aspirantes en relación coas funcións e tarefas das categorías en cuestión, co fin de adoptar os acordos que procedan.

## ANEXO II

Denominación das prazas: oficial de servizos  
Programa

Bloque A: fase de coñecementos específicos.

Módulo 1. Mantemento.

1.1. Carpintaría.

\* Mantemento de persianas.

-Compoñentes dunha persiana.

-Sistemas de elevación.

-Avarías frecuentes.

-Reparación de persianas.

-Subministradores da universidade.

-Tramitación administrativa.

\* Mantemento de pechaduras e fallebas.

-Tipos de pechaduras: de aplacar, embutidas e fallebas.

-Substitución de pechaduras.

-Subministradores da universidade.

-Tramitación administrativa.

1.2. Inspección de edificios.

\* Elementos que hai que inspeccionar periodicamente.

-Cubertas.

Funcionamento de canos e baixantes.

Estado de sumidoiros e de limpeza de terrazas.

-Estrutura.

Orixe das brechas.

Tipos de brechas.

Xuntas de dilatación.

-Humidades.

A súa orixe.

Tipos de humidades e como se distinguen.

-Ventás.

Tipos de materiais empregados.

Compoñentes dunha ventá.

Inspección do estado de conservación.

1.3. Electricidade.

\* Conductores eléctricos.

-Tipos e características.

-Intensidade, voltaxe, resistencia e potencia (conceitos elementais).

-Relación entre intensidade, potencia e a sección do condutor.

-Orixe do quentamento dos condutores e perigos derivados.

\* Cadros de mando e protección.

-Compoñentes de cadros.

-Funcións de diferenciais e interruptores térmicos.

-A sensibilidade dos diferenciais.

-Relación entre sección do condutor e o calibre de diferenciais e interruptores térmicos.

-Localización de pequenas avarías en circuitos.

-Comprobación do estado de funcionamento dun diferencial.

\* Interruptores e enchufes.

-Tipos e características.

\* Pequenos traballos de mantemento.

-Substitución de interruptores e enchufes.

\* Riscos eléctricos.

\* Reactancias electrónicas.

#### 1.4. Fontanaría.

\* Pequenos traballos de mantemento.

-Substitución e reparación de billas.

-Reparación de cisternas de inodoros.

-Limpeza de sifóns e botes sifónicos.

#### 1.5. Calefacción.

\* Salas de caldeiras.

-Compoñentes e a súa función.

-A presión manométrica da instalación (a súa relación coa altura do edificio e o purgado dos circuitos). Comprobación do valor adecuado. Purgadores automáticos.

-Comprobación do nivel de gasóleo.

-Comprobación dos termóstatos das caldeiras.

-Comprobación do funcionamento de queimadores (como saber cando están bloqueados e como desbloquealos).

-Control de funcionamento de bombas.

#### 1.6. Radiadores.

\* O seu funcionamento segundo a posición de entrada e saída da auga.

\* Formas de purgar os radiadores.

\* Relación entre o purgado de radiadores e a altura manométrica.

\* Tipos de chaves para radiadores.

#### Módulo 2. Organización de almacén.

2.1. Almacenamento e conservación de materiais. Revisión e reposición de materiais.

#### Módulo 3. Correos.

3.1. Servizo de correo interno, estrutura e funcións. Usuarios.

\* Ciclo dos obxectos postais.

\* Acordos da USC con correos e telégrafos.

\* Produtos postais.

\* Vías de circulación dos obxectos postais.

\* Sistemas de franqueo e tratamento de obxectos postais.

#### Módulo 4. Instalacións deportivas.

4.1. Mantemento básico das zonas verdes nas instalacións deportivas.

4.2. Materiais básicos das instalacións deportivas.

#### Módulo 5. A seguridade dos edificios.

5.1. Rutinas básicas de control fronte ao intru-sismo.

5.2. Incendios: rutinas básicas do control do sistema antiincendios.

5.3. Plans de autoprotección dos centros.

#### Módulo 6. Atención e información ao público.

6.1. A comunicación interpersonal, a percepción e actitudes. O proceso de comunicación: elementos, barreiras. A comunicación en dobre sentido; a retroalimentación da comunicación.

6.2. Técnicas de atención ao público: a acollida, a escoita, as situacións de tensión: queixas e obxeccións.

6.3. A atención telefónica: a actitude ante o teléfono.

6.4. Imaxe e calidade dos servizos.

6.5. A información da USC na web: estrutura e contidos.

#### Módulo 7. Informática básica.

7.1. Nocións básicas de Word 2000.

7.2. Outlook: conceptos básicos. Bandexa de entrada. Calendario. Contactos. Tarefas. Diario. Notas.

Bloque B: fase de coñecementos non específicos.

1. Dereitos fundamentais e liberdades públicas do título primeiro da Constitución española.

2. Convenio colectivo para o persoal laboral da USC.

3. Formación básica en prevención de riscos laborais: manipulación de cargas. Instalacións de protección contra incendios (uso de extintores). Evacuación. Sinalización de seguridade. Seguridade (en almacenamentos, en electricidade, de traballos en altura e na utilización de ferramentas manuais).

4. Estatutos da USC: do persoal de administración e servizos.

5. Estatutos da USC: órganos xerais da universidade.



**ANEXO IV**  
(POR TRIPLICADO)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROBAS SELECTIVAS PARA PERSOAL LABORAL

**1 CONVOCATORIA**

1. DENOMINACIÓN DAS PRAZAS CONVOCADAS  OFICIAL DE SERVIZOS	2. DATA DE PUBLICACIÓN DOG.	3. SISTEMA DE ACCESO <input type="checkbox"/> LIBRE <input type="checkbox"/> PROMOCIÓN INTERNA
4. GRAO DE MINUSVALÍDEZ  -----%	5. RESERVA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE  SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	6.-TAXAS <input type="checkbox"/> Importe dereitos de exame <span style="border: 1px solid black; padding: 2px;">22,89 €</span> <input type="checkbox"/> Exención de taxas discapacitado <input type="checkbox"/> Exención de taxas desempregados <input type="checkbox"/> Exención de taxas familia numerosa especial <input type="checkbox"/> Bonificación 50% familia numerosa xeral
7. NO CASO DE MINUSVALÍDEZ, ADAPTACIÓN QUE SOLICITA E MOTIVO:		

**2. DATOS PERSOAIS**

2.1. NIF	2.2. PRIMEIRO APELIDO	2.3. SEGUNDO APELIDO	2.4. NOME
2.5. DATA DE NACEMENTO Día   Mes   Ano	2.6. PROVINCIA DE NACEMENTO	2.7. LOCALIDADE DE NACEMENTO	2.8. TELÉFONO/E-MAIL
2.9. ENDEREZO			2.10. CÓDIGO POSTAL
2.11. MUNICIPIO	2.12. PROVINCIA	2.13. NACIONALIDADE	

**3. TÍTULOS ACADÉMICOS OFICIAIS**

EXIXIDOS NA CONVOCATORIA
--------------------------

4. INDICAR SE TEN SERVIZOS PRESTADOS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: SI  NON   
(EN CASO AFIRMATIVO A CERTIFICACIÓN FARASE DE OFICIO).

De proceder ao reintegro de oficio dos dereitos de exame, transferiranse á seguinte conta:

DATOS BANCARIOS (imprescindible cubrir os 20 díxitos)				NOME ENTIDADE BANCARIA	
COD. BANCO 	COD. SUCURSAL 	D.C. 	NÚMERO DE CONTA 		
OFICINA OU SUCURSAL			CÓDIGO POSTAL		

Se non figuraran estes datos, entenderase que renuncia á devolución dos dereitos de exame.

O/a abaixo asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas a que se refire esta instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións exixidas para o ingreso na función pública e as especialmente sinaladas por esta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

, de de 2005.  
(Sinatura)

Este formulario non é válido sen o selo ou impresión mecánica da entidade bancaria.  
Ingreso na conta nº 2091-0388-90-3110000646. CAIXA GALICIA.  
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO DOUS DE PONTEVEDRA

*Edicto (83/2004).*

Notificación sentenza a demandados declarados en rebeldía.

No procedemento ordinario 83/2004, que se tramita neste xulgado, promovido por comunidade de propietarios A Barca 2, fronte a Ricardo Aguilar Argenti, Pilar Viñas Quiroga, Santiago Otero Rey *Promociones 90, S.L.*, por resolución ditada no día de hoxe de conformidade co disposto no artigo 497.2º da Lei 1/2000, de axuízamento civil (LAC), acordouse notificar a sentenza ditada nestes autos aos demandados declarados en rebeldía *Promociones 90, S.L.* e Santiago Otero Rey, con encabezamento e parte dispositiva do teor literal seguinte:

Xulgado de Instrución número dous (antes mixto número dous), Pontevedra.

Sentenza número 53/2005.

Procedemento ordinario 83/2004.

En Pontevedra o 5 de abril de 2005.

María Dolores Rodríguez Leiros, maxistrada-xuíza substituta de Instrución número dous de Pontevedra e o seu partido, vistos os presentes autos de procedemento ordinario 83/2004 seguidos ante este xulgado, entre partes, dunha como demandante comunidade de propietarios A Barca 2 con procuradora Monserrat Fernández Názar e letrado Enrique Dobarro Buitrago e doutra como demandados Ricardo Aguilar Argente, Pilar Viñas Quiroga, Santiago Otero Rey, *Promociones 90, S.L.*, con procurador José Portela Leiros, Ángel Cid García e letrado sr. Munaiz Puig e sr. Estarque Vila e en rebeldía procesual a entidade *Promociones 90, S.L.* e Santiago Otero Rey, sobre procedemento ordinario e

Decido que, desestimando a excepción de caducidade oposta e estimando a demanda de xuízo ordinario interposta pola procuradora sra. Fernández Názar en nome e representación da comunidade de propietarios da r/ Barca 2 de Pontevedra contra Ricardo Aguilar Argenti, representado polo procurador sr. Portela Leirós, Pilar Viñas Quiroga, representada polo procurador sr. Cid García, a entidade mercantil *Promociones 90, S.L.* (rebelde) e Santiago Otero Rey (rebelde) debo condenar e condeno:

Solidariamente á entidade *Promociones 90, S.L.* e a Santiago Otero Rey a realizar no edificio da r/ A Barca nº 2 de Pontevedra, as obras de reparación -previstas no informe do perito Ángel J. Guimil Sán-

chez- dos defectos seguintes: humidades en paredes lindeiras con baños, humidades a través da ventá da galería, cheiros, fisuras e gretas.

Solidariamente a Ricardo Aguilar Argenti, a Pilar Viñas Quiroga e á entidade mercantil *Promociones 90, S.L.* e solidariamente con esta a Santiago Otero Rey a realizar as obras de reparación do defecto de penetración de humidades a través dos cerramentos, previstas no informe do perito sr. Guimil e recollidas no fundamento xurídico terceiro.

Solidariamente a Pilar Viñas Quiroga e a entidade *Promociones 90, S.L.* e solidariamente con esta a Santiago Otero Rey a realizar as obras de reparación dos defectos en canalón, remates do tellado en unión coas mansardas e viguetas escurecidas, referidas ao fundamento xurídico terceiro.

A Ricardo Aguilar Argenti a realizar as obras de reparación dos defectos nas chemineas.

Condenándose así mesmo os demandados ao aboamento das custas do xuízo.

Contra esta resolución, que non é firme, cabe recurso de apelación, ante este mesmo xulgado, para ante a Audiencia Provincial, no prazo de cinco días contados a partir do día seguinte á notificación.

Así por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo.

Dado en Pontevedra, o 18 de abril de 2005.

O/A secretario/a xudicial  
Rubricado

### XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza (831/2004).*

Eu, María Jesús Hernando Arenas, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña,